

## ANUNCIO

O día 06-08-2026, ditouse a resolución con número 503/2026 que deseguido se transcribe:

### “RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RECTIFICACIÓN DE ERROS E AUTORIZACIÓN DA AMPLIACIÓN HORARIO DO PECHE DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS CON MOTIVO DAS FESTAS DO SAN ROQUE 2026

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000552

### ANTECEDENTES:

Logo de ver o disposto no artigo 8 da Orde de 23/10/2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020), segundo o cal corresponderá aos concellos segundo o disposto no artigo 5 f) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Logo de ver o disposto no artigo 9 da citada Orde segundo a cal:

“(…) Artigo 9. Ampliacións de horarios

1. Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.
2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
3. A efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos os incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos os incluídos, e polo Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos os incluídos.
4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, **en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche** dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas. (...)”

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 492/2026 de data 04/08/2026 e asunto: “**AMPLIACIÓN HORARIO PECHE ESTABLECEMENTOS HOSTALERÍA SAN ROQUE 2026**”

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 499/2026 de data 05/08/2026 e asunto: “**CORRECCIÓN DE ERROS DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 492/2026 DE DATA**”

04/08/2026 E ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO PECHE ESTABLECEMENTOS  
HOSTALERÍA SAN ROQUE 2026”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** rectificar, segundo o disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os erros materiais detectados nos Decretos da alcaldía 492/2026 de data 04/08/2026 e 499/2026 de data 05/08/2026, sendo que a data de fin do período de ampliación do horario de peche dos establecementos hostaleiros durante as festas de San Roque 2026 é o día 23 de agosto de 2026.

**SEGUNDO:** autorizar a ampliación de horario aos establecementos hostaleiros para a celebración da festa de San Roque, ata un máximo de 2 horas, **dende o día 14 ao 23 de agosto de 2026**, ambos os dous incluídos.

**TERCEIRO:** publicar a presente Resolución no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide

Ordeno e asino en Melide, xoves 6 de agosto de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario accidental da fe. Asdo: O secretario accidental / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

Melide, xoves 6 de agosto de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas